

O SERGAS INFORMA:

AO PERSOAL FACULTATIVO ESPECIALISTA DO SERGAS

Co fin de clarexar as dúbidas do persoal convocado ao concurso oposición para prazas dos Hospitais do Servizo Galego de Saúde creemos conveniente informar dos aspectos relacionados coa oferta de emprego e co Plan de Provisión acordado con todos os sindicatos da mesa sectorial de persoal do SERGAS.

A División de recursos humanos e desenvolvemento profesional do SERGAS pon a súa disposición esta conta de correo servizoope06@sergas.es con obxecto de que, no seu caso, nos fagan chegar as dúbidas; tamén pódese utilizar a páxina web do SERGAS en contacto connosco.

CONVOCATORIA DE ASPIRANTES ÁS PRAZAS FIXAS NO SERGAS

As 532 prazas para facultativos dos hospitais da oferta de emprego público serán cubertas polo persoal que supere o proceso selectivo mediante concurso oposición.

ESTE NÚMERO É INDEPENDENTE DO CONCURSO DE TRASLADOS.

As convocatorias de oferta de emprego e as convocatorias de concursos de traslados son independentes. Non poden ser reducidas por razón da mobilidade (concurso de traslados). Non é certo que de obter praza persoal fixo de fora de Galicia se estea afectando ao número de prazas publicadas na oferta de emprego.

As ofertas de emprego posibilitan a todos os profesionais con contratos temporais: interinos, substitutos e eventuais, acceder a unha praza fixa das institucións sanitarias do SERGAS, e polo tanto do sistema nacional de saúde.

As convocatorias foron elaboradas e negociadas con todas as organizacións sindicais, con total respecto aos principios constitucionais de publicidade, igualdade, mérito e capacidade para o acceso a un posto de traballo na administración pública.

No colectivo de especialistas conviven intereses diversos: con experiencia, sen ela, que están en Galicia, que non están, que lles gustaría estar etc. O respecto as normas e o máximo consenso acadado son garantía da seguridade xurídica dos mesmos ante os conflitos que poidan plantexarse.

A valoración feita polos profesionais foi diversa, e incluso contraria, pero resulta indubidable que as condicións da oferta cumpren coa legalidade e aportan seguridade nas súas condicións.

PRAZAS DA CONVOCATORIA DE 2006

O número total de prazas ofertadas corresponde as presupostadas no organismo e vacantes en decembro de 2006.

As prazas non aprobadas polos orzamentos anuais non poden ser ofertadas. Por iso, no ano 2008 ofertaranse un número de prazas iguais as vacantes presupostadas no ano 2007 e 2008.

PERSONAL ACTUALMENTE VINCULADO

Os profesionais do SERGAS que ocupen prazas vacantes no intre da incorporación derivada da ope, xa sexan interinos ou transformables en interinos, e que non superen o proceso selectivo, de resultar cesados, teñen especial consideración no Plan de Provisión.

Así, por orden de méritos, según se acorde cos sindicatos a través dos mecanismos que se recollen no Plan de provisión, lle serán ofertados os postos que resulten vacantes.

Ter en conta que no ano 2008 se realizará unha nova oferta de emprego que abranguerá un número de prazas igual as vacantes en 2007 e 2008, mentres non se resolva esta nova oferta, as vacantes poden ser cubertas cos citados profesionais, tendo a súa vez unha nova oportunidade para concorrer .

CONCURSOS DE TRASLADOS

O persoal fixo do SERGAS poderá moverse nas prazas que se oferten en concurso de traslados en 2007, e tamén no ano 2009.

Polo que o persoal que tras as OPES non acaden o destino desexado, poderán concursar e moverse nas prazas que se oferten no ano 2009 que serán tamén o 100% das vacantes.

GUÍAS TÉCNICAS – TRIBUNAIS- PROBAS

As guías técnicas terán que ser aprobadas polos tribunais, que se constituirán ao mesmo día da súa publicación no DOG prevista para o día 9 de maio.

Para iso serán convocados a unha xuntanza na Consellería de Sanidade.

As probas están previstas para realizarse en Silleda o día 30 de xuño (sábado) de 2007.

Unha vez celebradas as probas elaboradas polos Tribunais e procesados os exames, saíran os resultados, presumiblemente tralo verán.

Unha vez sexan definitivas as puntuacións se abrirá a fase de concurso na que os aspirantes aprobados entregarán os méritos a valorar polos Tribunais.

Os Tribunais contarán na súa labor co apoio de técnicos da división de recursos humanos con obxecto de darlle a maior celeridade e coordinación.

*